

**PRACTICA 1
PROXECTO INICIAL DE EXPERIMENTACIÓN****INTRODUCCIÓN**

Na materia de Métodos Estadísticos e Numéricos de 2º de Bacharelato que é opcional para o alumnado sempre é tido ocasión de coñecer e aplicar distintas variantes metodolóxicas tanto das que podíamos chamar "tradicional" como outras máis innovadoras, incluídas as que supoñen a utilización de materiais didácticos informáticos. O longo deste curso é comprobado o interese por coñecer e utilizar por parte dos alumnos/as, e por iso quero comprobar a través do proxecto Descartes que as miñas opinións e observacións coinciden coa realidade.

Parto dun coñecemento básico de Descartes, considero que a maior parte das unidades adaptasen ao noso currículo de Matemáticas, están ben estruturadas e o seu uso con un pouco de práctica son fáciles de usar por parte do alumnado. Coñecía os materiais de Descartes por haberlos utilizado no curso básico e haberlos utilizado xa en algunhas aulas sobre todo de 2º de ESO e tamén de forma puntual en 2º de bacharelato.

Espero conseguir a consecución dos obxectivos do curso a pesar que me será moi difícil cumprir os prazos marcados para efectuar a entrega das prácticas xa que é moi difícil compatibilizar o comezo do curso estando na dirección con este tipo de experimentacións: detección de dificultades, determinación da formación necesaria, análise da actitude dos/as alumnos/as, valoración da eficacia dos materiais e proposta de ideas de mellora. Pretendese estender a utilización dos materiais Descartes despois desta experimentación, e espero contribuír á elaboración de materiais sempre que me sexa posible que fagan uso dunha metodoloxía máis innovadora baseada no uso das TICs na aula.

O ALUMNADO

O alumnado do IES Xulián Magariños proceden de aldeas que rodean a vila de Negreira e tamén da propia vila, as familias son de clase media baixa, de aí a dificultade que teñen algúns de poder ter un uso cotiá das novas TICs, este problema témolo case resolto do curso de Bacharelato dado que o longo do seu proceso de aprendizaxe o uso da informática do centro é algo habitual. En Métodos xa coñecen material didáctico multimedia e o uso da plataforma virtual etwinning. Non todos dispoñen de ordenador na casa polos motivos antes indicados e só unhas poucas teñen conexión a Internet.

OS MEDIOS

O instituto e centro TIC e desde fai 5 cursos estamos en un plan de novas TICs (dispoñemos de páxina web e dun aula virtual para o uso de todas as materias do centro), tamén é certo que a isto contribúe que no centro se imparte o Ciclo Superior de ASI (Administración de Sistemas Informáticos) e que o profesorado deste ciclo é o encargado de levar o mantemento informático do centro. Neste momento contamos con 5 aulas de informática, se ben é certo dous son de uso exclusivo do ciclo superior e outra do ciclo medio de comercio polo que en realidade dispoñemos dunha para ESO e outra para Bacharelato, dispoñemos de conexión a Internet en todas elas, e este curso estamos tamén nun proxecto de colocación dun servidor no centro para deseñar unha rede intranet.

OBXETIVOS DA EXPERIMENTACIÓN

En relación co alumnado, os obxectivos que se pretenden son:

- Valoren a utilización das novas TICS como medios en el aprendizaxe dos Métodos estadísticos e Numéricos.
- Descubran novas utilidades dos medios informáticos.
- Aprecien a idoneidade dos materiais Descartes na materia.
- Experimenten un cambio de conviccións respecto os procesos de aprendizaxe.
- Tomen conciencia de seu protagonismo neste proceso.
- Aumente significamente de seus coñecementos estadísticos.
- Desenrolen hábitos de traballo cooperativo

GRUPO DE ALUMNOS

Nesta materia de Métodos Estadísticos e Numéricos o grupo esta constituído por 11 alumnos/as, iso vai a permitir unha maior operatividade para o uso da aula de informática.

O alumnado é diverso nas opcións que elixiron, é dicir teño de Ciencias e de Letras polo que o uso das TICS é indispensable para superar dificultades de coñecementos matemáticos e estadísticos en algúns destes alumnos/as

CONTIDOS ESTADÍSTICOS A TRATAR

Para no desvirtuar o verdadeiro sentido de a experimentación pretendo no alterar sustancialmente a secuenciación de contidos da programación da materia. As unidades didácticas que corresponden traballar nas posibles datas da experimentación son Estadística descritiva e Probabilidade. Por la adecuación dos materiais de Descartes a usar he pensado utilizar unha folla de calculo, e o programa de matemáticas Derive como complemento.

DATAS E TEMPORALIZACIÓN

A idea inicial é dedicar todo o mes de Outubro a Estadística descritiva e o mes de Novembro a Probabilidade. Os contidos os condiciono a este tempo, pois aínda non podo estimar o ritmo de aprendizaxe. Tamén espero realizar unha avaliación inicial dos coñecementos sobre novas TICS dos que dispoñen o alumnado deste curso